



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Rúa Marcelo Macías nº 59
Xinzo de Limia CP 32630
Tfno. 988788456, 988788455

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO :CARLOS CASARES
CURSO:3º ED. PRIMARIA
MATERIA:NATURAIS
DATA :6 DE MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Rúa Marcelo Macías nº 59
Xinzo de Limia CP 32630
Tfno. 988788456, 988788455

1. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencia clave
Coñecer as partes do corpo humano	Coñece as partes do corpo humano	CAA ,CMCT
Identificar os principais órganos, ósos e músculos	Identifica os principais órganos ,ósos e músculos do corpo.	CMCT
Coñecer as etapas da vida e as súas características	Coñece as etapas da vida e as súas características	CSIEE,CSC
Identificar as principais funcións do corpo humano.	Identifica as principais funcións do corpo humano e a súa importancia.	CAA,CMCT
Recoñecer os sentidos e os órganos que interveñen neles	Recoñece os sentidos e os órganos que interveñen neles	CD,CMCT
Saber cales son os principais hábitos de hixiene e coidado dos órganos dos sentidos	Sabe cales son os principais hábitos de hixiene e coidado dos órganos dos sentidos.	CSC,CMCT
Recoñecer a importancia dunha alimentación saudable	Recoñece a importancia dunha alimentación saudable	CSIEE,CD
Saber cales son os principais hábitos dunha alimentación saudable	Sabe cales son os principais hábitos dunha alimentación saudable	CSIEE,CSC
Coñecer as principais funcións vitais dos animais.	Coñecer as principais funcións vitais dos animais.	CMCT
Distinguir os animais vertebrados e invertebrados.	Distingue os animais vertebrados e invertebrados e coñece as características de cada un.	CMCT,CD
Coñecer os grupos de animais e as súas características fundamentais	Coñece os grupos de animais e as súas características fundamentais.	CMCT
Recoñecer as funcións vitais das plantas .	Recoñece as funcións vitais das plantas .	CMCT,CD
Clasificar as plantas en grupos.	Clasificar as plantas en grupos.	CMCT
Identificar o hábitat de animais e plantas e coñecer plantas e animais característicos de Galicia.	Identificar o hábitat de animais e plantas e coñece plantas e animais característicos de Galicia.	CCEC



2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Observación do traballo diario que fan os alumnos e alumnas ,mediante a revisión e a corrección dos exercicios realizados. Fichas para completar debuxos, esquemas e exercicios con cuestións dos temas dados. Traballos escritos de reflexión de diferente temática sobre vídeos ou enlaces de interés aos que teñen acceso dende unha plataforma.
	Instrumentos: Folla de cualificación e control do traballo que van realizando os alumnos de forma personalizada. Rexistro anecdótico onde se recollen se os conceptos son adquiridos ou os alumnos presentan dúbidas. Caderno de traballo dos alumnos revisado e outros traballos persoais como fichas. Rexistro de participación e actitude do traballo tendo en conta o grao de desenvolvemento e implicación nas tarefas. Rúbricas
Cualificación final	Para a cualificación final teranse en conta as notas da primeira avaliación que contarán un 50% e as da segunda o outro 50%. Na 3ª avaliación, como non hubo clases presenciais, as actividades realizadas non son avaliadas e polo tanto non fai media coas anteriores. Tan só poden ser tidas en conta de forma positiva, é dicir, para axudar aos nenos a que sexan capaces de alcanzar os obxectivos e as competencias desta materia.



Proba extraordinaria de setembro	<p>No mes de setembro realizaranse exercicios de repaso e reforzo daqueles temas, da primeira e segunda avaliación, nos que algúns alumnos non acadaron os obxectivos e competencias programados.</p> <p>Levarase a cabo unha observación e corrección do traballo realizado por estes alumnos co obxecto de reforzalos e axudalos para conseguir acadar uns resultados positivos. Tamén se lle pode facer algunha proba escrita para comprobar que están acadados os obxectivos e competencias correspondentes.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Son os reflectidos na adaptación da programación, os mesmos para todos os alumnos e alumnas.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>Na primeira avaliación non acadaron os obxectivos e as competencias dúas alumnas.</p> <p>Teranse en conta as tarefas realizadas neste terceiro trimestre. Realízanse exercicios dos temas do primeiro trimestre, que lles serven de reforzo para acadar os obxectivos e competencias que non conseguiron no seu momento, sempre axudarán de forma positiva. Será tido en conta o esforzo e a súa implicación, para poder recuperar acadando os obxectivos. Realizarán só tarefas de repaso e reforzo, non de ampliación,</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Observación do traballo que fan os alumnos e alumnas, mediante a revisión e a corrección dos exercicios realizados. Enviólles os fallos dos exercicios, cal sería a resposta correcta e despois deben correxilos e reenviarmos.</p> <p>A estas alumnas estáselle facendo unha adaptación dos temas dados na primeira avaliación con fichas tamén adaptadas e ilustradas con moitas</p>



imaxes. A unha das nenas lévanlle as fotocopias do concello co fin de facilitarlle os materiais que necesita para traballar.

Folla de cualificación e control do traballo que van realizando os alumnos de forma personalizada.

Rexistro anecdótico onde se recollen se os conceptos son adquiridos ou os alumnos presentan dúbidas.

O instrumento de avaliación fundamental é o caderno de traballo dos alumnos revisado, e outros traballos persoais como fichas. Controlar se adquiren os conceptos traballados ou presentan dúbidas que teñen que ser resoltas.

Tamén o rexistro de participación onde se ten en conta a actitude das alumnas ante

o traballo e se están involucradas facendo todas as tarefas.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<p>As actividades realizadas neste terceiro trimestre son de reforzo, repaso e ampliación dos conceptos traballados durante o primeiro e o segundo trimestre.</p> <p>Realizaranse actividades, completar debuxos relacionados cos contidos dados e fichas. Neste trimestre farase repaso dos temas dados nas dúas primeiras avaliacións, de xeito que sirva tamén de reforzo para os nenos que presentaron dificultades cando xa foron dados anteriormente.</p> <p>Ver presentacións, vídeos, enlaces de youtube, e algunha película interesante, apropiados para a súa idade.</p> <p>Os alumnos envían as tarefas por medio dunha plataforma dixital e eu mándolles a corrección das mesmas.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Todos os alumnos están conectados de forma telemática, e isto é unha gran vantaxe á hora de comunicarse para realizar as tarefas.</p> <p>Traballase de maneira competencial para que o alumno adquiera un maior grao de protagonismo.</p>



	<p>Comunícome cos nenos e nenas diariamente, e eles envíanme despois as tarefas realizadas de forma gradual, para que lles corrixa. Así vou vendo o traballo que están realizando nas súas casas, xa que debido á situación que estamos vivindo neste intre, as clases non poden ser presenciais. Tamén envían as dúbidas que lles xurden e eu resólvollas utilizando a plataforma dixital.</p>
Materiais e recursos	<p>O medio que utilizo para comunicarme cos meus alumnos é unha plataforma dixital e a aula virtual.</p> <p>A unha alumna llévanlle algunhas tarefas fotocopiadas do Concello co fin de facilitarlle os materiais que necesita para traballar.</p> <p>Os materiais utilizados son os libros de texto e variedade de fichas adaptadas á súa idade que lles envío diariamente.</p> <p>Ás veces tamén utilizo vídeos gravados por min, para explicarlles as cousas mellor e sobre todo para aclararlle as dúbidas, enlaces de youtube, presentacións ou outros vídeos e películas axeitados á súa idade con algún fin didáctico.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>O alumnado e os seus pais e nais son informados mediante a plataforma dixital, abalar, aula virtual, teléfono de contacto e correo electrónico.</p>
Publicidade	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p>